

**Nova Escola Galega** fai público o seu rexeitamento ao borrador do novo Decreto de especialidades que prepara o Ministerio de Educación, Cultura e Deportes.

Non so é discutible o relatorio de materias propias e afíns que aparecen nos anexos III e V deste borrador de Decreto -no anexo V chama moi especialmente a atención a asignación que se fai ao profesorado de Educación Física da materia de Artes Escénicas e Danza, e ao de Filosofía da Iniciación á Actividade Emprendedora e Empresarial, que xa parece case provocación- senón que, sobre todo, queremos poñer o acento no Art. 4, que traza unha liña certamente escandalosa e dunha arbitrariedade máxima, e que di *“Sen prexuízo do previsto nos apartados anteriores, as Administracións educativas poderán para cada curso escolar e cando as necesidades dun centro así o requiran, asignar outras materias distintas das recollidas nos anexos deste real decreto a persoal funcionario dunha determinada especialidade coa cualificación académica ou a experiencia docente necesaria. Corresponde a cada Administración regular, para os seus ámbitos respectivos, o exercicio desta posibilidade que, en todo caso, non terá efecto sobre os persoais dos centros”* (a negriña é nosa).

Aquí vemos como serán as Administracións -non os centros como se podería interpretar da literalidade do artigo, pensemos no IES Vilar Ponte de Viveiro, ou noutros casos similares- as que, por mor de optimizar o profesorado que teñan a disposición nos centros, poderán asignarlles as materias que máis lles conveña, ou mesmo que dean nunha etapa educativa diferente. Disporá así a Administración dun cadro de persoal moi elástico, acorde moito máis co aforro de recursos que cun compromiso coa calidade do ensino público.

Tamén é salientable a precarización na que en moitos centros se atopa a Orientación, onde non se ten en conta o número de alumnado de cada centro, nin as características do mesmo, á hora de asignar o número de orientadores, que en secundaria é sempre de un, e en primaria pode que nin iso. Pois en vez de proporse condicións de mellora, abren a posibilidade de que poidan desempeñar docencia. Que non é grave polo feito de dar docencia, senón pola indefinición e o tufo de novo a aforro de persoal e de máis precarización dun servizo tan importante para o alumnado dos centros, que a medida supón. En vez de mellorar póñense as condicións para poder empeorar. Di así o Art. 5. *“O persoal funcionario dos corpos de catedráticos de ensino secundario e de profesores de ensino secundario da especialidade «Orientación educativa» realizará tarefas de orientación e, ademais, **poderán desempeñar docencia en aplicación do que dispoña cada Administración educativa.** Así mesmo, as súas funcións de orientación poderán estenderse ás etapas de Educación Infantil e Educación Primaria, en virtude do previsto no apartado 1 da disposición adicional sétima da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio”* (a negriña poñémola nós).

Unha guinda máis no pastel da LOMCE e na torta dos recortes dos últimos tempos, seguramente non a última.

Novembro 2014